

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

### **ASUNTO: CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE SOCORRISTA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE SOBRADO.**

**EXPEDIENTE ORIXE: 2026/E001/000003.**

**EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000244.**

A Orde do 13 de xaneiro de 2026 (DOG núm. 23 do 04/02/2026) da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes establece as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026, (procedemento PR460D).

Ao abeiro de dita convocatoria, o Concello de Sobrado solicita subvención para a realización do servizo denominado Servizo de socorrismo da piscina municipal, para dous meses no vran do ano 2026.

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 26.1, establece a competencia dos municipios en canto a piscinas municipais. De igual modo, ante o inminente comezo do período estival e o conseqüente risco en ditas instalacións acuáticas municipais, aumenta a necesidade de realizar labores de socorrismo co fin de dar resposta ás tarefas de prevención e mantemento en ditas instalacións que lle corresponden a este concello, polo que considérase dito servizo coma esencial.

Posto que actualmente este concello non conta con persoal municipal que poida realizar ditas funcións, procédase a realizar os trámites pertinentes para a realización de dito proceso de selección de persoal.

A necesidade a satisfacer é dispoñer dunha bolsa de traballo operativa para a contratación dun socorrista inicialmente e aquelas outras contratacións que procedan en función das eventuais necesidades que vaian xurdindo para apertura da piscina municipal do Concello de Sobrado, dada a proximidade da etapa estival e a obriga legal de contar con persoal deste tipo para o funcionamento da antedita instalación municipal.

Visto os informes de secretaría e o de intervención emitidos o 15/05/2026 e o 11/05/2026.

Por todo o anterior, de conformidade co disposto no art. 215 a 217 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei de facendas locais, e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar as bases das probas selectivas para a formación da bolsa de emprego de socorrista, persoal laboral temporal, a xornada completa, para a realización do Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado e conforme o Anexo da presente Resolución.

**SEGUNDO:** Convocar o proceso de selección como persoal laboral temporal, para a formación da bolsa de emprego de socorrista a xornada completa, para a realización do Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado.

**TERCEIRO.-** Publicar as bases e dita convocatoria na web do Concello de Sobrado ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)) e no taboleiro de edictos do concello de Sobrado, e poñer a

pertinente oferta de emprego para dito posto na Oficina de Emprego de Melide  
(Servizo Público de Emprego de Galicia).

Mándao e asínoa, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao  
marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de  
transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade  
e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de  
febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde  
interventora

Luís Lisardo Santos Ares  
Sánchez

A secretaria-

Alejandra D. Fandiño

## **BASES DA CONVOCATORIA E PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE SOCORRISTA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE SOBRADO.**

### **Primeira.- Obxecto da convocatoria.**

O obxecto da presente convocatoria é a selección e formación de bolsa de emprego por concurso, para a contratación laboral temporal dun/ha socorrista para o servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado, e realizar os traballos propios de socorrista e, en xeral, todos aqueles traballos complementarios ás funcións encomendadas e sempre que estean incluídas no exercicio da súa profesión e preparación técnica.

Esta contratación será a xornada completa, modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción ou no seu caso, substitución por razón de interinidade (art. 15.2 e art. 15.3 TRET), e cunha duración de dous meses.

O contrato rexerá polo establecido no propio contrato e as retribucións mensuais brutas serán de 1.866,67 € ao mes, incluída xa a paga extra correspondente. As vacacións e horario adáptanse ás necesidades do servizo. A xornada laboral será de 37,5 horas a semana.

### **Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes.**

- 1) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos art. 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
- 2) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- 3) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- 4) Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- 5) Non ter sido separado por expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- 6) Estar en posesión do Graduado Escolar, Graduado en Educación Secundaria (ESO) ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
- 7) Acreditación da inscrición ou, no seu defecto, da presentación da solicitude no **Registro Profesional de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia** e deberá de presentar acreditación de cumprir as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo en instalación acuáticas na comunidade autónoma de Galicia.
- 8) **Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia** como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.
- 9) Estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo

órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. No caso de non poder acreditar o coñecemento do idioma galego, resultará preceptiva a realización da proba oral de coñecemento do nivel de galego esixido. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto (artigo 51 LEPG).

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia durante o proceso selectivo e mantelos ata o día da contratación se é o caso. Será nulo o nomeamento dos que estean incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

### **Terceira.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso.**

O Concello de Sobrado dará publicidade á convocatoria e as bases de selección por anuncio na páxina web do Concello ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)) e no taboleiro de edictos do Concello e presentará a correspondente oferta de emprego ante a Oficina do SPEG de Melide, facendo referencia aos requisitos que debe reunir o/a traballador/ra a contratar conforme a base segunda anterior.

Os/as aspirantes presentarán instancia (Anexo I) dirixida ó Sr. Alcalde no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de **tres días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte ao día sinalado pola Oficina de Emprego de Melide (SPEG) coa documentación que acrediten os requisitos e os méritos.

Tamén se poderán presentar as solicitudes mediante calquera das formas previstas recollidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso o/a aspirante deberá comunicalo mediante un correo electrónico a [correo@sobrado.es](mailto:correo@sobrado.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, quedarán excluídos/as do procedemento de selección.

Na instancia (Anexo I) farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañando e presentando na seguinte orde:

1. Anexo I- instancia.
2. Fotocopia do DNI.
3. Titulación mínima ou estudos académicos (copia do título ou declaración ou certificado de estar en condición de obtelo título esixido nas bases para a praza, e deberá indicar que titulación é usada como requisito da convocatoria e, no seu caso, cal é usada na fase de concurso (valoración).
4. Fotocopia da acreditación da inscrición no Rexistro Profesional de Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia.
5. Informe de períodos de inscrición (na data de presentación da instancia) do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).
6. Celga 2 ou equivalente, se é o caso.
7. A relación dos méritos que aleguen, nomeados segundo a orde establecida no apartado de méritos (Anexo II). Antigüidade como demandante de emprego, cursos de formación, titulación media ou superior, distinta a presentada como requisito, e experiencia profesional.

Concurso levarase a cabo segundo o ANEXO II.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. A documentación presentada deberá ir acompañada pola solicitude que aos interesados se lles facilitará no rexistro do Concello.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, a Alcaldía acordará a aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)) concedendo, no seu caso, un prazo de 1 día hábil para a subsanación das deficiencias sinaladas.

Finalizado o prazo para a subsanación, o Alcalde ditará resolución polo que se aprobe a lista de admitidos/as, que en caso de non ter defectos que subsanar a lista provisional, será considerada a tódolos efectos definitiva. En dita resolución se sinalará tamén o día, hora e lugar na que se realizará a fase de concurso e a composición do tribunal. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)).

#### **Cuarta.- Tribunal cualificador e actuación de valoración dos méritos aportados polos/as aspirantes no concurso.**

O Tribunal cualificador deste concurso, será designado polo Alcalde-Presidente do Concello de Sobrado.

O Tribunal non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros, sendo preciso, en todo caso, a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A cualificación dos méritos para o concurso realizarase polo Tribunal, axustándose ós criterios que establece o Anexo II destas bases, que publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)) coa relación de aspirantes presentados/as coas puntuacións obtidas. Tras a valoración do Tribunal, éste elevará ó Alcalde-Presidente, a correspondente proposta de contratación, a favor do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación total.

En caso de empate, aplicaranse por orde os criterios seguintes:

- O candidato que leve máis tempo anotado no Servizo Público de Emprego.
- O candidato que teña máis cursos homologados na materia de socorrismo acuítico.
- De persistir o empate, este resolverase por sorteo.

#### **Quinta.- Formalización e duración do contrato.**

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro do Concello, no prazo de 5 días hábiles (ou máis prazo prorrogado en caso de forza por retrasos dalgunha documentación por parte dalgún organismo) contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, e publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)) os documentos seguintes:

- 1º Fotocopia e orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- 2º Titulación ou estudos académicos orixinais.
- 3º Informe de seguir inscrito no SPEG como demandante non ocupado/a e dispoñible para o emprego, emitido con anterioridade á sinatura do contrato.
- 4º Título de socorrista e Rexistro Profesional de Persoal de Socorrismo ou inscrición no mesmo.
- 5º Informe médico no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física

que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta.

- 6º Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 7º Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 8º Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobor da materia.
- 9º Celga 2 ou equivalente, se é o caso.
- 10º Certificado do número de conta bancaria (IBAN) e número de afiliación a Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido. Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados; todo elo como consecuencia da citada anulación.

#### **Sexta.- Designación e formalización do contrato.**

Presentada a documentación polo/a aspirante seleccionado/a, ó Sr. Alcalde-Presidente procederá á formalización do correspondente contrato laboral.

Establécese un período de proba máximo legal, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores. Transcorrido este período se as persoas das que se traten o superasen satisfactoriamente, adquirirán plena eficacia o contrato suscrito.

Mentres non se formalicen o contrato e non se incorpore, ao posto de traballo, os/as aspirantes non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

#### **Sétima. Formación da Bolsa de traballo. Procedemento de chamamento e renuncia.**

Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo para os futuros nomeamentos que resulten necesarios e urxentes.

Por decreto da Alcaldía ou concelleira/o delegado con competencias na materia, a proposta do Tribunal cualificador, aprobarase a bolsa de traballo cos aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de maior a menor puntuación, indicando a que obtivo cada un deles. Dita aprobación publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do Concello ([www.sobrado.es](http://www.sobrado.es)).

O chamamento e nomeamento do persoal efectuarase seguindo a orde de

puntuación establecida na bolsa de traballo, de xeito que cando se deba proceder á cobertura temporal ofertaráselle o posto de traballo ao primeiro aspirante da lista. Así, no caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase á ou ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore ao mesmo.

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle fará requirimento, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non formalicen o contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación a que se refire a base quinta, ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase aos seguintes na lista. Dito requirimento será realizado de forma telefónica, efectuando un máximo de dous intentos no mesmo día e a distinta hora en xornada de mañá, con posibilidade de practicar un terceiro chamamento ao día seguinte cando así o dispoña o órgano competente, deixando informe desta actuación un traballador funcionario ou laboral fixo do Concello. De non ser localizado o primeiro integrante da lista, procederáse a chamar aos seguintes aspirantes. A falta de contestación telefónica dun candidato da lista para a súa incorporación non será considerada como rechazo ao chamamento, conservando o seu posto na mesma para as próximas incorporacións.

O integrante da bolsa que resulte contratado para a cobertura dun posto de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu nomeamento co concello volverá causar alta no posto que viña ocupando na mesma que lle corresponde en relación cos puntos obtidos no proceso selectivo.

#### **Oitava. Vixencia da bolsa de traballo.**

En todo caso, a bolsa de emprego terá unha vixencia de 2 anos a contar desde a súa publicación no Taboleiro de Edictos do Concello do acordo de constitución da mesma ou en caso de chegar o vencemento da vixencia da mesma, poderá ser obxecto de prórroga ata a constitución dunha nova bolsa de emprego da mesma categoría profesional.

Queda condicionada a súa utilización ao que resulte da aplicación das Bases de Execución do Orzamento, así como da lexislación estatal relativa a contratación de persoal laboral temporal.

#### **Novena. Incidencias.**

1.- A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Para o non previsto nestas Bases, será de aplicación:

Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **Décima.- Protección de datos.**

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2019, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, infórmase de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento. A lexitimación para tratar estes datos deriva das presentes bases.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitaron.

As persoas interesadas poderán retirar o seu consentimento, no caso de que o outorgaran, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: [correo@sobrado.es](mailto:correo@sobrado.es).

Infórmase así mesmo do dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

#### **ANEXO II.**

Baremo de méritos para valorar o concurso de socorrista.

##### **1) Experiencia no mesmo posto, escala ou categoría (máximo 4 puntos):**

- Por cada mes completo de traballo 0,1 puntos por mes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

A experiencia profesional acreditarase mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración pública correspondente, na que deberá figurar, como mínimo a administración pública, o vínculo ou réxime xurídico, o posto ou praza desenvolvido, o corpo, escala ou categoría e o cómputo total de días, meses e anos traballados. Tamén poderán acreditarse mediante o contrato laboral acompañado do informe de vida laboral, sobre todo para os casos de contratacións por empresas privadas.

## **2) Formación (puntuación máxima 3 puntos):**

Valoraranse os cursos homologados de formación e capacitación recibidos ou financiados por Administracións Públicas e relacionados coas funcións a desenvolver (non valorando seminarios, congresos, xornadas, módulos, etc, que non sexan cursos). A puntuación efectuarase en función da duración da formación conforme á seguinte escala:

- Cursos de 4 a 10 horas: 0,10 puntos por curso.
- Cursos de 11 a 20 horas: 0,20 puntos por curso.
- Cursos de 21 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- Cursos de máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

## **3) Titulación media ou superior (puntuación máxima 1 punto):**

Relacionada co posto a desenvolver, distinta da presentada como requisito nesta convocatoria.

- Diplomatura: 0,5 puntos.
- Licenciatura: 1 punto.

## **4) Por antigüidade como demandante de emprego (puntuación máxima 2 puntos):**

- Por cada mes completo como demandante de emprego: 0,1 puntos.

Acreditación por medio do correspondente informe do Servizo Público de Emprego de Galicia.

**ANEXO I.-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO DE SOCORRISTA, PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE SOBRADO.**

D./ª ..... provisto/a de  
D.N.I.: ....., con enderezo na R/  
..... nº.....  
C.Postal ..... Localidade ..... Municipio .....  
Provincia ..... Teléfono ..... e correo electrónico  
.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Sobrado para a contratación laboral temporal dun/dunha SOCORRISTA. **DECLARO:**

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- \_Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas. \_Que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto. \_Que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. (No caso de ser nacional doutro Estado): que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello de Sobrado para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

- 1.- DNI ou documento que legalmente os substitúa.
- 2.- Titulación mínima ou estudos académicos.
- 3.- Acreditación da Inscripción no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia e título de socorrista.
- 4.- Celga 2 ou equivalente, se é o caso.
- 5.- Informe períodos de inscrición como demandante de emprego do SPEG.
- 6.- Outros méritos.
- 7.- .....

RESPONSABLE E DPD	Responsable: CONCELLO DE SOBRADO, con C.I.F.: P-1508100-C Dirección: Praza Portal nº1, 15813, Sobrado, A Coruña Teléfono: 981 78 75 08 Correo Electrónico: <a href="mailto:correo@sobrado.es">correo@sobrado.es</a> Delegado en Protección de Datos: Román Arias Fraiz, N.I.F.: 44.493.377-S Dirección: Rúa da Concordia nº1 Entlo A-B, 32003, Ourense Teléfono: 988 609 224 Correo Electrónico: <a href="mailto:protecciondedatos@ariasavogados.com">protecciondedatos@ariasavogados.com</a>
FINALIDADE	Concello de Sobrado, levará a cabo o tratamento de datos coa finalidade de prestar os servizos do Concello; tramitación de procedementos e actuacións administrativas en relación cos servizos ofertados polo Concello.
LEXITIMACIÓN	Interese público (art. 6.1 e) RGPD), consentimento expreso (art. 6.1 a) RGPD), Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
DESTINATARIOS	Prevese a cesión de datos cando sexa necesario para a mellor prestación de servizos Non se contempla a transferencia internacional de datos.
DEREITOS	O AFECTADO/A ten dereito a obter o acceso aos seus datos, á súa rectificación ou supresión, á limitación do seu tratamento, ou a opoñerse ao mesmo, así como á portabilidade dos seus datos, solicitándoo mediante comunicación ao Responsable de tratamento, Concello de Sobrado, ben no seu domicilio, Praza do Portal nº1, 15813, Sobrado ou a través de: <a href="mailto:correo@sobrado.es">correo@sobrado.es</a> , ante o Delegado en Protección de Datos, Román Arias Fraiz, no domicilio profesional de Arias Avogados, Rúa da Concordia nº1, Entlos A e B, 32003, Ourense, ou á dirección de correo electrónico <a href="mailto:protecciondedatos@ariasavogados.com">protecciondedatos@ariasavogados.com</a> , ou ben ante a AEPD a través de <a href="http://www.aepd.es">www.aepd.es</a> adxuntando, en ambos casos, fotocopia de documento identificativo (D.N.I., C.I.F., N.I.E., ou Pasaporte).
PROCEDENCIA	Os datos proceden do propio afectado/a.
+INFO	<a href="https://www.sobrado.es/">https://www.sobrado.es/</a>

O AFECTADO/A....., con N.I.F.:....., manifesta haber sido informado/a e comprendido a información anterior, de forma previa a prestar o seguinte consentimento para que se traten os seus datos persoais, os cales figuran na instancia xeral iniciada polo solicitante ou representante do mesmo, e se cedan de acordo ao apartado destinatarios:

SI  NON

O consentimento poderá ser revocado en calquera momento mediante comunicación ao Responsable de tratamento, Concello de Sobrado, ben no seu domicilio, Praza do Portal nº1, 15813, Sobrado ou a través de: [correo@sobrado.es](mailto:correo@sobrado.es), ante o Delegado en Protección de Datos, Román Arias Fraiz, ben no domicilio profesional de Arias Avogados, Rúa da Concordia nº1, Entlos A e B, 32003, Ourense, ou á dirección de correo electrónico [protecciondedatos@ariasavogados.com](mailto:protecciondedatos@ariasavogados.com), adxuntando, en ambos casos, fotocopia de documento identificativo (D.N.I., C.I.F., N.I.E., ou Pasaporte).

FIRMA AFECTADO/A

En ....., ..... de.....de 2026.

Asdo.:.....

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Praza do Portal, 1 - 15813 Sobrado (A  
Coruña)  
Tel. 981 787 508 - Fax: 981 787 577  
correo@sobrado.es

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBRADO.**